



En cumprimento do disposto na base segunda da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 20 de novembro de 2017, pola que se aproban as bases do procedemento de concurso de traslados aberto e permanente para a provisión de prazas básicas de persoal estatutario do Sistema Público de Saúde de Galicia (DOG núm 227, do 29 de novembro de 2017), esta Dirección, como órgano convocante do proceso, ACORDA:

**Primeiro.**-Designar aos/ás seguintes profesionais como integrantes da Comisión de valoración da capacidade funcional prevista na indicada base:

**- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel González García.**

Facultativo especialista en Medicina do Traballo. Subdirección Xeral de Programas de control de riscos ambientais para a saúde.

**- D. José Miguel López Gey**

Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais. Servizo Central de Prevención de Riscos Laborais.

**- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Rúa Moure**

Técnico da Función Administrativa. Subdirección Xeral de Selección de Persoal

**Segundo.**-A Comisión será asistida, nas funcións de secretaría, por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Ríos Carro, Xefa do Servizo de Selección Fixa e Provisión da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

**Terceiro.**-Os membros da Comisión deberán gardar sxiilo, nos termos establecidos na lexislación vixente, sobre a información á que tivesen acceso na dita condición e deberán absterse de intervir no procedemento de avaliación no suposto de que neles conorra algunha causa de abstención e recusación previstas nos artigos 23 e 24 da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*, debendo comunicar a concorrencia de tal causa ante este órgano.

**Cuarto.**-Notifíquese a presente resolución aos/ás profesionais designados/as na forma prevista no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e publíquese na páxina web do organismo ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)). en cumprimento da base quinta da resolución de convocatoria, tal designación.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Recursos Humanos

